



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

### ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AS PUNTUACIÓNS DA FASE DE CONCURSO E DE CORRECCIÓN DOS EXERCICIOS DE OPOSICIÓN DAS ASPIRANTES AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DA PRAZA INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA ESTABILIZAR O EMPREGO TEMPORAL DE UNHA PSICÓLOGA DE ATENCIÓN PRIMARIA

Verín, 18 de decembro de 2024.

Nas dependencias da Secretaría da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, ás 12:32 horas do día da data que consta no encabezamento; e de conformidade có que se establecen as bases que rexen o proceso selectivo para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal para a selección de unha **psicóloga de Atención Primaria** réunese o tribunal de selección; que procedeu a realizar os seguintes actos:

#### A) VALORACIÓN DA FASE DA CONCURSO

Inicialmente, advertíuse un erro no prazo concedido para alegacións (dous días hábiles, en vez de tres) que foi **subsánado en tempo**, mediante a publicación na sede electrónica da entidade da oportuna corrección, quedando así plenamente asegurado o exercicio dos seus dereitos por parte das aspirantes ao proceso.

E todo elo de conformidade có artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados los errores materiales, de hecho, o aritméticos existentes en sus actos”*.

Consecuentemente, e durante dito prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións ás puntuacións obtidas nesta fase polas aspirantes; prazo que **rematou ás 24:00 horas do luns 16 de decembro de 2024**; tiveron entrada no rexistro da Mancomunidade as seguintes alegacións:

Escrito núm. 2024-E-RC-242, do 13/12/2024 -12:36 h. de **Rebeca André Estévez**

Escrito núm. 2024-E-RE-88 do 13/12/2024 - 17:29 h. de **Nuria Carrera Pío**

A continuación, o tribunal procedeu a analizar as alegacións presentadas polas aspirantes na orde na que se recibiron

#### 1. Alegacións de Rebeca André Estévez

**1.1 A primeira alegación** céntrase nunha **pretendida vulneración do procedemento**, polo feito de anunciarse un prazo de alegacións de **dous días hábiles**, en vez de **tres**, como se establece na Base 14ª.

Como xa se dixo, este erro material foi subsánado en tempo, publicándose ás **14:09:26 horas do venres día 13 de decembro de 2024** o pertinente anuncio na sede electrónica da Mancomunidade; corrixindo o erro e concedendo prazo de alegacións de **tres días hábiles** que



## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

pasa así a rematar ás 24:00 horas do luns, día 16 de decembro de 2024.

Exercitada así esta posibilidade legal de rectificación de plano dos erros de feito, nun claro suposto no que o propio acto administrativo revelaba unha equivocación evidente por sí mesma, susceptible -xa que logo- de rectificación sen afectar á pervivencia do acto; por canto adoptouse antes do remate do prazo erróneo, de xeito que o prazo en cuestión subsanouse sen posibilidade cronolóxica de ocasionar prexuízo ou menoscabo de dereitos nin indefensión aos aspirantes; ao pasar de dous a tres días hábiles varias horas antes do remate do segundo día do prazo.

Consecuentemente, **esta primeira alegación** carece de fundamento pola áxil rectificación do erro, por parte do tribunal, polo que **deberá ser desestimada plenamente**.

**1.2 A segunda alegación** parte dunha cita **parcial** da Base 10ª das que rexen no procedemento e que, efectivamente, regula a fase de concurso: a valoración dos méritos alegados e xustificadas polas persoas aspirantes no proceso; a saber: a participación con aproveitamento en cursos; e a prestación de servizos.

A descrición que fai a alegante do sistema de concurso oposición, omite sen embargo cuestións trascendentes que sí foron consideradas polo tribunal ao revisar pormenorizadamente a documentación coa que as persoas aspirantes pretenden xustificar os méritos que alegan.

**1.2.1** Polo que se refire ao apartado de formación (**cursos**) a **Base 10ª** literalmente di "*Participar con aproveitamento en **cursos organizados** ou **homologados** polos centros ou servizos de formación das diferentes Administracións Públicas e Universidades, ou os impartidos polas Organizacións Sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos Acordos de Formación Continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre **relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira***"; e no ANEXO II das mesmas, que literalmente dispón "*Cursos de 20 ou máis horas de duración*"

Baixo esta premisa, o tribunal, logo de estudar detidamente no seu momento a documentación aportada pola alegante, valorou e puntuou o único curso cuxa participación con aproveitamento acreditou documentalmente a aspirante e que cumpriría, ademais, os requisitos esixidos na Base 10ª do proceso e no ANEXO II das mesmas; a saber: un curso on line impartido por el Instituto de la mujer y para la igualdad de oportunidades, del Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, del año 2019, de **30 horas de duración**; que a razón de **0,04 puntos/hora**, **representa para a aspirante 1,20 puntos**.

Os restantes certificados ou diplomas de realización de cursos aportados (da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia; de Cambio Vigo; de Formatec; da Federación de Mujeres Progresistas; o CAP pola Universidade de Vigo; e do C.O. de Psicoloxía de Galicia, non poden ser valorados nin o foron de acordo cós requisitos determinados pola base en cuestión para poder facelo, pois todos eles incumpren ou o requisito de organización; ou o de homologación; ou



## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

o de relación funcional coa praza; ou o de duración mínima; ou, nos máis dos casos, varios deles ao mesmo tempo.

**1.2.2** Polo que se refire ao apartado de servizos (**experiencia laboral**) a **Base 10ª** literalmente dí: *“Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:*

- 1) **0,50 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, en calidade de persoal temporal.**
- 2) **0,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal”.**

Ademáis non cabe perder de vista que a Base 5ª. II) sobre a presentación de solicitudes e documentación para a valoración do concurso, sinala que:

*“a) **Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.***

*b) **Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.***

*c) **Contratos de traballo para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en empresas do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude”***

Pois ben, a alegante aportou xunto coa solicitude a documentación que considerou oportuna neste apartado, a saber: vida laboral; resolución sobre recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos; e unha certificación sobre a súa inclusión no cadro de persoal dun centro que resulta ser a Clínica de fisioterapia “Salva” de Verín (Ourense)

Baixo a premisa do texto da base literalmente transcrita, *e como queira que “o tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa”;* o tribunal, logo de estudar pormenorizadamente no seu momento a documentación aportada pola alegante, **concluíu entón, e conclúe agora** (logo de volver a revisala detidamente) que de toda a documentación achegada:

- Non quedan acreditados servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da **Mancomunidad** de Municipios da Comarca de Verín, en calidade de persoal temporal.

- Non quedan acreditados servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no **resto do sector público**, en calidade de persoal temporal.

En derradeiro lugar sobre a afirmación da alegante de que *“No consta que se rechazaran dichos cursos o no se tuvieran en cuenta cuando se presentó la documentación acreditativa”* non é admisible, posto que na presentación de instancias e documentación no rexistro xeral de documentos, administrativamente só procede a constancia da entrada e a dixitalización do libremente aportado por cada aspirantes, sen que caiba xuízo algún polo responsable do rexistro sobre o contido ou oportunidade dos documentos achegados.

Consecuentemente, e polos motivos e con base nos razonamentos anteriores, **esta segunda alegación** debe ser desestimada polo Tribunal.



## 2. Alegacións de Nuria Carrera Pío

**1.1 A primeira alegación** céntrase nunha **pretendida vulneración do procedemento**, polo feito de anunciarse un prazo de alegacións de **dous días hábiles**, en vez de **tres**, como se establece na Base 14ª.

Como xa se dixo, este erro material foi subsanado en tempo, publicando ás **14:09:26 horas do venres día 13 de decembro de 2024** o pertinente anuncio na sede electrónica da mancomunidade; correxindo o erro e concedendo prazo de alegacións de **tres días hábiles** que pasa así a rematar ás 24:00 horas do luns, día 16 de decembro de 2024.

Exercitada así esta posibilidade legal de rectificación de plano dos erros de feito, nun claro suposto no que o propio acto administrativo revelaba unha equivocación evidente por sí mesma, susceptible -xa que logo- de rectificación sen afectar á pervivencia do acto; por canto adoptouse antes do remate do prazo erróneo, de xeito que o prazo en cuestión subsanouse sen posibilidade cronolóxica de ocasionar prexuízo ou menoscabo de dereitos nin indefensión aos aspirantes; ao pasar de dous a tres días hábiles varias horas antes do remate do segundo día do prazo.

Consecuentemente, **esta primeira alegación** carece de fundamento pola áxil rectificación do erro, por parte do tribunal, polo que **deberá ser desestimada plenamente**.

**1.2 A segunda alegación** parte dunha cita **parcial** da Base 10ª das que rexen no procedemento e que, efectivamente, regula a fase de concurso: a valoración dos méritos alegados e xustificadas polas persoas aspirantes no proceso; a saber: a participación con aproveitamento en cursos; e a prestación de servizos.

A descrición que fai a alegante do sistema de concurso oposición, omite sen embargo cuestións trascendentes que sí foron consideradas polo tribunal ao revisar pormenorizadamente a documentación coa que as persoas aspirantes pretenden xustificar os méritos que alegan.

**1.2.1** Polo que se refire ao apartado de servizos (**experiencia laboral**) a **Base 10ª** literalmente di.

*“Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira:*

- 1) **0,50 puntos** por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da **Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín**, en calidade de persoal temporal.*
- 2) **0,25 puntos** por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal”.*

Ademáis non cabe perder de vista que a Base 5ª. II) sobre a presentación de solicitudes e documentación para a valoración do concurso, sinala que:

*“a) **Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.***

*b) **Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.***

*c) **Contratos de traballo para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en empresas do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude”***



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Pois ben, a alegante aportou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, a documentación que considerou oportuna neste apartado, a saber: vida laboral; e unha serie de contratos de traballo que foron rigurosamente estudados polo Tribunal e o volven a ser agora baixo a premisa do texto da base literalmente transcrita.

Concretamente, os contratos de traballo asinados coas entidades, nas categorías e grupos de cotización e polos períodos que sinalan a continuación (**numerados correlativamente do 1 ao 26**):

- 1.- Adigna S. Coop. Galega / Educadora / G.C.03 / Do 10.08.2000 ao 30.06.2001
- 2.- Adigna S. Coop. Galega / Educadora / G.C.07 / Do 02.07.2001 ao 10.08.2001
- 3.- Asoc. iniciativa social Berce / Educadora Infantil / G.C.04 / Do 02.10.2001 ao 01.01.2002
- 4.- Aldeas Infantiles SOS / Cuidadora / G.C.04 / Do 15.01.2002 ao 15.04.2002
- 5.- Asoc. axuda toxicom. Érguete / Acompañante / G.C.06 / Do 05.08.2002 ao 31.12.2002
- 6.- Concello de Vigo / Titora de prácticas / G.C.02 / Do 09.01.2003 ao 28.02.2003
- 7.- Cáritas Diocesana Tui-Vigo / Tutora / G.C.01 / Do 04.03.2003 ao 31.07.2003
- 8.- Galicia Saudade, S.L./ Psicóloga / G.C.02 / Do 02.09.2011 ao 16.09.2011
- 9.- Asoc. Afaga / Psicóloga / G.C.01 / Do 27.01.2012 ao 13.03.2012
- 10.- Asoc. Afaga / Psicóloga / G.C.01 / Do 04.07.2012 ao 23.07.2012
- 11.- FEMXA Formación, S.L. / Docente/ G.C.02 / Do 14.11.2012 ao 14.12.2012
- 12.- Cáritas Diocesana Tui-Vigo / Educadora / G.C.06 / Do 03.04.2014 ao 31.12.2014
- 13.- Cáritas Diocesana Tui-Vigo / Tutora / G.C.03 / Do 01.01.2015 ao 30.11.2015
- 14.- Consorcio Galego de S.I.B. / Intervención psicolóxica / G.C.01 / Do 27.07.2016 ao 12.08.2016
- 15.- Concello de Pontearreas / Docente / G.C.03 / Do 22.09.2016 ao 21.03.2017
- 16.- Deputac. Prov. Pontevedra / Docente nun O.E./ G.C.02 / Do 01.10.2016 ao 31.03.2017
- 17.- Concello de Pontearreas / Docente / G.C.01 / Do 09.10.2017 ao 08.07.2018
- 18.- Concello de Pontearreas / Docente / G.C.01 / Do 20.11.2018 ao 19.08.2019
- 19.- Cogami / Psicóloga / G.C.01 / Do 11.02.2020 ao 13.02.2020
- 20.- Concello de Pontearreas / Docente nun O.E./ G.C.01 / Do 10.12.2019 ao 09.09.2020
- 21.- Concello de Pontearreas / Docente nun O.E./ G.C.01 / Do 28.12.2020 ao 31.05.2021
- 22.- Concello de Pontearreas / Docente nun O.E./ G.C.01 / Do 01.06.2021 ao 27.09.2021
- 23.- Academia Postal Tres, S.L. / Docente oposicións / G.C.01 / Do 06.04.2022 ao 31.05.2022
- 24.- Concello de Pontearreas / Docente nun O.E./ G.C.01 / Do 15.10.2021 ao 14.07.2022
- 25.- Concello de Gondomar / Docente nun O.E./ G.C.01 / Do 29.03.2022 ao 14.07.2022
- 26.- Academia Postal Tres, S.L. / Docente oposicións/ G.C.01 / Do 06.07.2022 ao 20.07.2022

Resulta así que:

- **Ningún dos 26 contratos** de traballo achegados é **cunha empresa do sector público**.
- Os contratos núms. 8, 9, 10, 14 e 19, son os **únicos para un posto de psicóloga**.
- Deles, os núms. 8, 9, 10 e 19, **NON están subscritos con administracións públicas**.
- E o contrato número 14, có Consorcio Galego de S.I.B. tivo **unha duración de 17 días, período inferior a 1 mes**, que de acordo coa tan citada Base 10ª é o período mínimo para asignación de puntuación, xa que a base en cuestión **NON dí** (porque así se dispuxo) **mes ou fracción, senon mes**. E este contrato non alcanza tal duración.

Como queira que “o tribunal valorará os **méritos** que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa”; o tribunal, logo de estudar



## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

pormenorizadamente no seu momento a documentación aportada pola alegante, **concluíu entón, e conclúe agora** (logo de volver a revisala detidamente) que, de toda a documentación achegada:

- Non quedan acreditados servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da **Mancomunidad** de Municipios da Comarca de Verín, en calidade de persoal temporal.
- Non quedan acreditados servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no **resto do sector público**, en calidade de persoal temporal.

Consecuentemente a puntuación en experiencia profesional acreditada da aspirante, **era e é de cero puntos**.

**1.2.2** Polo que se refire ao apartado de formación ( **cursos** ) a  **Base 10ª**  literalmente dí *“Participar con aproveitamento en  **cursos organizados ou homologados**  polos centros ou servizos de formación das diferentes Administracións Públicas e Universidades, ou os impartidos polas Organizacións Sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos Acordos de Formación Continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre  **relacionados coas funcións propias**  da praza á que se aspira”; e no ANEXO II das mesmas, que literalmente dispón *“Cursos de 20 ou máis horas de duración”**

A aspirante sostén que *“(…) aportó y justificó la realización de cursos formativos en la materia para la plaza a cubrir que sobradamente alcanzarían la puntuación máxima por ese extremo”* (...)

Pois ben, o tribunal, logo de estudar detidamente no seu momento a documentación aportada pola alegante, valorou e puntuou dous cursos cuxa participación con aproveitamento acreditou documentalmente a aspirante e que cumpriría, ademáis, os requisitos esixidos na Base 10ª do proceso e no ANEXO II das mesmas; a saber:

- Un curso on line impartido polo Departamento de RR.HH. da deputación de Pontevedra, del año 2019, de  **20 horas de duración** ; que a razón de  **0,04 puntos/hora, representa para a aspirante 0,80 puntos** .

Faise constar que neste momento detéctase que por erro dito curso  **foille puntuado**  á aspirante  **con 1,00 puntos, en vez de con 0,80 puntos** .

- Un curso do C.O. de Psicoloxía de Galicia de  **22 horas de duración** ; que a razón de  **0,04 puntos/hora, representa para a aspirante 0,88 puntos**

Faise constar que neste momento detéctase que os Cursos impartidos por colexios profesionais, de conformidade coas bases non son puntuables; polo que non se lle valora.

Os restantes certificados ou diplomas de realización de cursos aportados (de Taprega, Fraternidad-Muprespa, Cruz Roja Española, IFES, Aneimo, Aeplast Formación, Universidad Europea de Madrid, FEMP, non poden ser valorados nin o foron de acordo cós requisitos determinados pola base en cuestión para poder facelo, pois todos eles incumpren ou o requisito de



## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

organización; ou o de homologación; ou o de relación funcional coa praza; ou o de duración mínima; ou, nos máis dos casos, varios deles ao mesmo tempo.

En derradeiro lugar sobre a afirmación da alegante de que “*No consta que se rechazaran dichos cursos o no se tuvieron en cuenta cuando se presentó la documentación acreditativa*” non é admisible, posto que na presentación de instancias e documentación no rexistro xeral de documentos, administrativamente só procede a constancia da entrada e a dixitalización do libremente aportado por cada aspirante, sen que caiba xuízo algún polo responsable do rexistro sobre o contido ou oportunidade dos documentos achegados.

\*\*\*\*\*

Consonte con todo o anterior, trala análise pormenorizada das alegacións que se presentaron e dos argumentos argüídos e das fundamentacións sobre as que se sustentan; revisada unha vez máis detidamente a documentación aportada polas alegantes xunto coas súas instancias para participar neste procedemento selectivo; e con base nos razonamentos anteriormente sinalados para cada unha das aspirantes que presentaron alegacións; o **tribunal ratifica íntegramente a valoración de méritos**, das aspirantes **Lucía Aparicio Castro, Olalla Estévez Borjas, Josefa Asunción Morgade Rúa e Rebeca André Estévez**.

Con respecto a aspirante **Nuria Carrera Pío**; o **tribunal ratifica a valoración** de méritos correspondente a súa **experiencia profesional (0,00)**; e finalmente **rectifica a puntuación asignada en formación** á aspirante **Nuria Carrera Pío**, que se **reduce en 1,08 puntos**, quedando nun total de **0,80 puntos**.

Todo elo reflexado no seguinte cadro:

Nome a Apelidos	DNI	Exp. Profesional	Cursos	TOTAL MÉRITOS
Lucía Aparicio Castro	34*****9L	0,00	2,60	2,60
Olalla Estévez Borjas	34*****4F	0,00	4,00	4,00
Josefa Asunción Morgade Rúa	76*****4L	0,00	4,00	4,00
Rebeca André Estévez	76*****1Z	0,00	1,20	1,20
Nuria Carrera Pío	53*****9V	0,00	0,80	0,80

### B) CORRECCIÓN DO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Acto seguido, de conformidade coa base décima B) II) 4 e para garantir o anonimato das aspirantes que concorreron a esta fase, **procedeuse ao desprecintado e apertura do sobre que contiña os exames entregados** polas aspirantes ao remate da proba.



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Número de exame	Puntuación
1	31,00
2	30,00
3	28,00
4	32,00
5	33,00

O tribunal remata a súa actuación as 13:44 horas do día da data sinalada no encabezamento, quedando pendente a apertura do sobre que contén os documentos acreditativos da autoría de cada exame; que terá lugar en acto público convocado ao efecto, do que se estenderá a oportuna acta e posterior anuncio do resultado final do proceso selectivo.

Acórdase que dito acto público de apertura do sobre que contén a documentación acreditativa da identidades das aspirantes que realizaron o exercicio da fase de oposición teña lugar, de acordo có seguinte:

LUGAR: Salón da sede da Mancomunidade de Municipios de Comarca de Verín, sito no baixo do núm. 4 da Rúa do Castro, Verín.

DATA: Xoves, 19 de decembro de 2024

HORA: **13:30 horas**

O Presidente

Manuel Valentín Pérez Nieto

O Secretario

Santiago Lorenzo Taboada

O Vogal

Paulino Fernández Salgado

O Vogal

Alejandro Fernández Otero

